

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

10778 *Corrección de erros e erratas do Real decreto 515/2020, do 12 de maio, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos e funcións de xestión do tránsito aéreo e de navegación aérea e o seu control normativo.*

Advertidos erros e erratas no Real decreto 515/2020, do 12 de maio, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos e funcións de xestión do tránsito aéreo e de navegación aérea e o seu control normativo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 134, do 13 de maio de 2020, procédese á súa rectificación:

Na páxina 1, no preámbulo, parágrafo quinto, na décima liña, onde di: «... aprobado polo Real decreto 601/2016, do 2 de decembro, e o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo. Mediante esta modificación prorrógase...», debe dicir: «... aprobado polo Real decreto 601/2016, do 2 de decembro. Mediante esta modificación prorrógase...».

Na páxina 2, artigo 1, na liña novena, onde di: «... funcións de xestión de tránsito aéreo...», debe dicir: «... funcións de xestión do tránsito aéreo...».

Na páxina 7, artigo 15, número 2, parágrafo segundo, na liña cuarta, onde di: «... adoptados pola Axencia Europea...», debe dicir «... adoptados pola Axencia da Unión Europea...».